



PERANTE O CONCELHO DE VERÍN

CONCELHARÍA DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR DO CONCELHO DE VERÍN

Reclamación
Baremación provisional praza recepcionista

Manoel Anxo García Torres, maior de idade, con D.I. nº 76.707.405-J, en cualidade de representante da Confederación Intersindical Galega e membro da Mesa Xeral de Negociación do Concelho de Verín; perante a **Concelharía de Persoal e Réxime Interior do Concelho de Verín** comparezo e, como milhor proceda, **DIGO**:

Que a medio do presente escrito, en tempo e forma, venho formular **RECLAMACIÓN Á LISTAXE DE BAREMACIÓN PROVISIONAL** da praza convocada para prover un posto de **RECEPCIONISTA** no concelho de Verín, publicado o día 2 de Decembro do 2015; fundamentando a reclamación en base ás seguintes,

CONSIDERACIÓNS:

Primeira.- Que, en data 17 de Novembro do 2015, isa Concelharía comunicou, a esta representación sindical, a convocatoria dun proceso de contratación para a cobertura dumha praza de recepcionista, baixo as seguintes condicións:

MODALIDADE CONTRACTUAL, CATEGORÍA E DURACIÓN: A modalidade contractual será a dun contrato de interinidade do artigo 15.1 c) do Estatuto dos traballadores. A duración será ata a reincorporación do traballador que se substitúe o estar de baixa por enfermidade.

PROCEDIMENTO SELECTIVO: O establecido nas Bases de contratación do persoal laboral do Concelho de Verín.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS: Presentaranse no Rexistro Xeral do Concelho de Verín ata o día 25/11/2015 incluído.

DOCUMENTACIÓN: Xuntarase á instancia os méritos que se aleguen xunto coa documentación que figura na cláusula 2.2 n) das Bases reguladoras do réxime de contratación do persoal laboral do Concelho de Verín.

Segunda.- Que a cláusula 2.2 n) das Bases reguladoras do réxime de contratación do persoal laboral do Concelho de Verín (BOP Nº 292 do 21 de Decembro do 2004), dispón o seguinte, en materia de avaliación da experiencia profesional e dos méritos académicos alegados polos participantes:

b) Experiencia Profesional:

- Por servizos prestados en calquera administración pública na mesma categoría á que se pretende acceder: 0,25 puntos/mes. (Informe de Vida Laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).

- Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,05 puntos/mes. (Informe de Vida Laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).

A suma da puntuación destes tres apartados non poderá exceder de 15 puntos.

c) Méritos Académicos:

- Por cada curso de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas Administracións Públicas, universidade, INEM, FUNDACIÓN TRIPARTITA PARA FORMACIÓN ou sindicatos e relacionado coas funcións propias da categoría: (Máximo 3 puntos).

De 40 a 100 horas: 0,10 puntos por curso

De 101 a 300 horas: 0,40 puntos por curso

De 301 a 500 horas: 0,60 puntos por curso

De 501 en diante: 1 punto por curso.

- Por posuír umha titulación académica distinta, independente e do mesmo nivel ou superior para a especialidade requirida no Anexo I destas Bases ou na convocatoria correspondente para persoal laboral fixo como requisito imprescindible para o acceso:

- a) Título de Doutor/a: 1,75 puntos
- b) Título de Licenciado/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a: 1,50 puntos.
- c) Título de enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a: 1,25 puntos.
- d) Título de COU, Título de Técnico Especialista obtido en FP de 2º grado, Título de Bacharel actual, Ciclo Formativo de Grado Superior ou equivalente: 0,75
- e) Graduado en Secundaria, 2º de BUP superado, Título de Técnico Auxiliar obtido en 2º ano de FP de 1º grado, Ciclo Formativo de Grado Medio ou equivalente: 0,50 puntos.
- f) Graduado Escolar, 2º da ESO superado: 0,25 puntos.

Só se computará a titulación de mais nivel das alegadas.

- Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grado superior alegado):

- a) En grado de iniciación: 0,5 puntos
- b) En grado de perfeccionamento: 0,75 puntos
- c) Curso de Especialización: 1 punto

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galiza.

Terceira.- Que, en data 2 de Decembro do 2015, foi publicada a listaxe provisional de baremación da praza convocada para prover un posto de recepcionista, con carácter temporal.

Cuarta.- Que, en data 3 de Decembro do 2015, a central sindical que represento, ante a recepción de diversas protestas de participantes no proceso seletivo, solicitou a revisión da baremación provisional realizada; efectuándose o día 4 de Decembro, por parte de dous membros da CIG, nas instalacións do propio Concelho.

Quinta.- Que, consonte coa revisión da baremación realizada pola CIG, puidemos detectar a comisión de dous erros graves na avaliación dos apartados: experiencia profesional e méritos académicos, derivados dunha incorrecta interpretación das Bases reguladoras do réxime de contratación do persoal laboral do Concelho de Verín (BOP Nº 292 do 21 de Decembro do 2004) que alteran substancialmente o resultado do concurso e que, de non arranxarse, o tornarían ilegal.

Sexta.- Que, especificamente, os erros apreizados na revisión realizada son os seguintes:

a) Experiencia profesional:

As Bases de Contratación do Concelho de Verín (BOP Nº 292 do 21 de Decembro do 2004) establecen que será puntuábel a seguinte experiencia profesional:

- Por servizos prestados en calquera administración pública na mesma categoría á que se pretende acceder: 0,25 puntos/mes. (Informe de Vida Laboral e copias cotexadas dos contractos de traballo).
- Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,05 puntos/mes. (Informe de Vida Laboral e copias cotexadas dos contractos de traballo).

En ningún caso, as bases permiten que se poida puntuar a experiencia profesional en postos/categorías semelhantes ou análogos ao convocado, senón na mesma categoría á que se pretende acceder. Porén, no caso que nos ocupa, outorgouse puntuación, a varias aspirantes (concretamente á que figura no nº 1 da lista provisional de baremación), pola súa experiencia profesional en postos semelhantes, como o de TELEFONISTA; provocando a

alteración da puntuación atribuída aos restantes participantes, así como prexudicando o seu dereito ao número de posto que realmente lhes corresponde.

A maior abastanza, cómpre preguntarse porque e quen decidiu que a categoría de TELEFONISTA é semellante á de RECEPCIONISTA e, por exemplo, a de AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A non ? En realidade, as Bases de contratación non permiten facer tais equivalencias, precisamente, pra evitar a comisión de erros como o deste caso e previr arbitrariedades.

b) Méritos académicos:

As Bases de Contratación do Concello de Verín (BOP Nº 292 do 21 de Decembro do 2004) establecen que serán puntuábeis, entre outros, os seguintes méritos académicos:

- *Por cada curso de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas Administracións Públicas, universidade, INEM, FUNDACIÓN TRIPARTITA PARA FORMACIÓN ou sindicatos e relacionado coas funcións propias da categoría: (Máximo 3 puntos).*

Tras a revisión realizada podemos observar que se avaliaron cursos de formación (recursos humanos e semellantes), que pouco ou nada teñen a ver coas funcións propia da praza de recepcionista convocada. Ise é o caso, por exemplo, da aspirante colocada no número 2 da lista provisional de baremación.

Sétima.- Que os erros sinalados no apartado anterior non se limitan ás persoas que citadas como exemplo, senón que hai diversos participantes que, en función de tais incorreccións, obtiveron puntos en exceso, superando a outros concorrentes con mais dereito a ocupar un posto superior na lista provisional de baremación.

Oitava.- Que, segundo a convocatoria, está prevista a publicación da listaxe de baremación definitiva pro día 10 de Decembro do 2015, motivo polo que, sen necesidade de suspender ningún prazo, hai tempo mais que suficiente para proceder a umha nova e completa avaliación das solicitudes, co obxecto de respectar os criterios anteriormente expostos e preservar o dereito á igualdade de todos os participantes.

Polo exposto,

SOLICITO:

Que presentado este escrito, cos documentos que se achegan, se tenha por formulada **RECLAMACIÓN Á LISTAXE DE BAREMACIÓN PROVISIONAL** e, consonte co exposto, se proceda, previa anulación de tal baremación provisional, a umha nova e completa avaliación dos méritos e circunstancias alegados polos concorrentes, tendo en conta que non cabe, consonte coas Bases de Contratación, avaliar a experiencia profesional en postos/categorías semellantes e que os cursos formativos a puntuar son os relacionados coa categoría que se convoca, non outros; co obxecto de que se corrixa as deficiencias apreciadas por medio da publicación da listaxe definitiva de baremación.

En Verín, a 4 de Decembro do 2015

Asdo. Manuel Anxo García Torres





ILMO. CONCELLO DE VERÍN

SECRETARÍA

SEC 2015-205

CONCELLO DE VERÍN

CONTRATACION RECEPCIONISTA POR INTERINIDADE (BAIXA POR ENFERMIDADE)

En Verín a, 17 de Novembro de 2015

CONCELLO DE VERÍN

ANUNCIO

CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL

1.A).- PRAZAS:

- UNHA (1) praza de Profesor de Piano, Linguaxe musical e Educación auditiva e vocal, para o Conservatorio Elemental de Música.

MODALIDADE CONTRACTUAL, CATEGORÍA E DURACIÓN: A modalidade contractual será de obra ou servizo determinado a xornada completa (de martes a sábado) artigo 15.1a) do Estatuto dos traballadores, que finalizará o 30.06.2016.

1.B).- PRAZAS:

- UNHA (1) praza de Recepcionista.

MODALIDADE CONTRACTUAL, CATEGORÍA E DURACIÓN: A modalidade contractual será a dun contrato de interinidade do artigo 15.1 c) do Estatuto dos traballadores. A duración será ata a reincorporación do traballador que se substitúe o estar de baixa por enfermidade.

2.- PROCEDEMENTO SELECTIVO: O establecido nas Bases de contratación do persoal laboral do Concello de Verín.

3.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS: Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Verín ata o día 25/11/2015 incluído.

4.- DOCUMENTACIÓN: Xuntarase á instancia os méritos que se aleguen xunto coa documentación que figura na cláusula 2.2 n) das Bases reguladoras do réxime de contratación do persoal laboral do Concello de Verín.

Verín, 17 de novembro de 2015

A concelleira delegada,



Asdo/ Rosario Rodríguez Delgado